



Asunto: prezos a aplicar no MU en Enxeñaría Agronómica

En resposta á consulta realizada pola vicerreitoría de coordinación do Campus de Lugo referente ás tarifas a aplicar en concepto de matrícula no Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica, comunícolle o seguinte:

O Decreto 77/2014, do 20 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2014/15, establece no punto 3 do artigo segundo, referido ás modalidades de matrícula, o seguinte:

*“3. Ensinanzas de máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais e aquelas que habilitan para o exercicio dunha profesión regulada en España, segundo o establecido na normativa estatal e europea aplicable. Os prezos públicos que serán aboados pola matrícula son os establecidos no número 1.3 da tarifa primeira do anexo. A liquidación dos prezos farase en función do número de créditos en que se realice a matrícula.”*

A Orde CIN/325/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Agrónomo, establece no seu artigo único os requisitos dos planes de estudos conducentes á obtención dos títulos de Máster que habilitan para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Agrónomo.

Tendo en conta o anterior, deberán aplicarse os prezos sinalados no punto 1.3 da Tarifa primeira do anexo do mencionado decreto nas matrículas no Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica, por tratarse dunha titulación de máster que habilita para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2014

O secretario xeral de Universidades



José Alberto Díez de Castro